*Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega.* Vol. 8 - 2023

# CUMIEIRA

## *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 8 - 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Universida de Vigo

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Universida de Vigo

# CUMIEIRA

*Cadernos de investigación*
*da nova Filoloxía Galega*

**Vol. 8 – 2023**

**Xosé A. Fernández Salgado (ed.)**

**Departamento de Filoloxía Galega e Latina**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 8/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2023

132 p.; 24 cm

D.L. VG 648-2023

ISBN 978-84-8158-987-0

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Iría Domínguez Márquez, Simon Moll, Estefanía López Tanoira, Lucía Salceda García, Aranzazu Luna Díaz, Helena Domínguez García

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

**Revisión científica do volume 8**:
Benigno Fernández Salgado (UVigo), Ana Iglesias Álvarez (UVigo), Antía Monteagudo Alonso (Uvigo - CILR), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

**Maquetación**: Xosé A. Fernández Salgado

**Deseño da portada**: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

**Edición**:
Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

**Impresión**: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

**Dep. Legal:** VG 648-2023

**ISBN:** 978-84-8158-987-0

*CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

# Índice/*Index*

**9** Limiar /
*Introduction*

**11** IRIA DOMÍNGUEZ MÁRQUEZ
O emprego do artigo co posesivo con nomes de parentesco no galego contemporáneo /
*The use of the article with the possessive with names of kinship in the contemporary Galicians*

**41** SIMON MOLL
Identidades, ideoloxías e actitudes lingüísticas dos neofalantes /
*Linguistic identities, ideologies and attitudes of new speakers of Galician*

**69** ESTEFANÍA LÓPEZ TANOIRA
Monolingüismo en educación infantil: as linguas dos pais e o alumnado dun CEIP de Pontevedra /
*Monolingualism in early childhood education: The languages of parents and pupils in a Pontevedra Primary School*

**105** LUCÍA SALCEDA GARCÍA
A figura literaria da bruxa como ferramenta de análise dos roles de xénero nas aulas /
*The literary figure of the witch as a tool for analyzing gender roles in the classroom*

**121** Recensións / *Reviews*

Rivas, Fabio (2023): *A pintura debida*. Vigo Edicións Xerais,
por ARANTXA LUNA DÍAZ.

Luna, Aranzazu / Gonzalo Navaza (2022): *Toponimia do Val de Fragoso 8. Valadares.* Vigo: ANL / Universidade de Vigo,
por HELENA DOMÍNGUEZ GARCÍA

**127** Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 8 /
Cumieira*'s authors*

**129** Normas para o envío de orixinais /
*Manuscript submissions guidelines. Information for authors*

# RECENSIÓNS

## *Reviews*

**RIVAS, Fabio (2023): *A pintura debida*. Vigo: Edicións Xerais.**

Dicía Freud que «nós mesmos, xulgados polos nosos impulsos instintivos, somos coma os homes primitivos, unha horda de asasinos»1. Algo disto hai nas páxinas desta primeira obra do filólogo e libreiro Fabio Rivas (Pontevdra, 1997), A pintura debida, un conxunto de relatos vertebrados por un fío común: a morte. Porque en todos agás nun, as circunstancias —vontade e contixencia— vanse combinando para desembocaren na morte violenta de alguén. Deste xeito, o libro ben podería ser un pequeno corpus de titulares de crónica de sucesos onde se desprega todo o que hai detrás do caso ata que chega a suceder, ata que acaba florecendo, como unha simple posibilidade entre outras, unha inesperada morte.

Nunha entrevista recente durante a presentación da obra na Feira do libro de Vigo (26-06-2023), o autor comparaba o proceso de construción dos relatos «cunha viaxe da cal el, ao poñerse en marcha, ten claros o punto de partida e mais o destino, pero non o que pode acontecer polo traxecto». O símil é moi acaído para unha concepción desta obra coma un xogo de hipóteses: téñense de antemán os ingredientes con que se vai facer o experimento e tense tamén o resultado, logo só hai que demostrar que, combinados segundo de que xeito (e o experimento consiste en buscar ese xeito), poden dar efectivamente ese resultado. E a min faime graza pensar que con este exercicio o autor xoga a converternos a todos en potenciais asasinos, mesmo sendo nenos inocentes, polo simple feito de demostraren estas hipóteses de que a morte é, ao final, unha posibilidade máis ou, mellor dito, unha posibilidade tan factible coma outra calquera. Unha eterna compañeira que, en ocasións, se vai xestando sen nin sequera o intuír nós, nunha sorte de atmosfera enrarecida.

Xunto á morte, o autor recorre a outros dous elementos cohesivos: a infancia e a sorpresa. Talvez sexa este último un dos aspectos formais máis rechamantes do libro, o recurso da sorpresa, moi ben manexado por Fabio Rivas á hora de resolver cada un dos relatos cun final que non só non se espera —e xa que logo nos colle por sorpresa—

1 Freud, S. (2023): *Consideraciones de actualidad sobre la guerra y la muerte* (1915). Barcelona: Byron Books.

senón que tampouco é descrito explicitamente, o cal acrecenta a sensación de desconcerto. Ao final de cada relato topámonos cunha morte (ou traizón) que temos que intuír, pois preséntasenos sempre dun xeito elidido, sutil, cun indicio implícito e breve, ás veces consistente tan só nun par de palabras, conseguindo o efecto dun golpe seco que nos bate cando acabamos caendo na conta do que acontece. Isto, ademais de ser elemento común que irmanda todos os relatos, fornéceos tamén dunha extraordinaria cohesión interna, pois as palabras que dan a clave para entendermos o desenlace son sempre tiradas do propio contexto diexético, o cal pecha o conto de maneira case redonda. Vémolo así, por exemplo, en «A pintura debida», o primeiro dos relatos que lle dá título ao libro e onde, unha vez que imos descubrindo progresivamente que para o protagonista o acto de pintar vai vencellado ao de matar, a clave dásenos cunha exigua frase contra o final, coma un lóstrego: «Non volvin pintar. Ata agora»; ou no brutal testemuño final: «Non houbo nunca cocho que berrase tanto coma aquel», nun contexto en que concorren unha escena de matanza polo san Martiño e unha vítima alcumada o Cocho, no conto que leva este mesmo título.

Asistimos en directo, en moitos dos relatos, ao escenario dun asasinato que só comprendemos ao final, cando se nos dan estas claves que podemos relacionar con algunha información recibida ao longo do periplo narrativo. E o feito de non se tratar de información nova senón de elementos tirados do propio relato supón un certo exercicio metalingüístico que denota, como ben apunta Anxo Angueira no prólogo, que estamos ante un escritor de oficio.

A sorpresa na resolución é recurso amplamente utilizado no xénero do relato curto, sobre todo se hai polo medio un crime. Desde Poe e Christie ata, xa máis preto no tempo e no espazo do noso contexto literario galego, Casares ou Navaza (vénme á cabeza «Castelos na area» de Erros e Tánatos2), son incontables os exemplos de reviravolta final con golpe de efecto que, independentemente da menor ou maior mestría con que se artellen, denotan unha preocupación autorial por como se conta, maís alá do que se conta, a maneira e os tempos en que se nos subministra a información que a voz narrativa ora coñece ora descobre, abraiada, connosco. E isto entraña, desde logo, oficio e artificio.

Mais aquí a sorpresa tamén ten moito que ver co feito de ser a man asasina, en case todos os casos, unha man infantil. A infancia é neste libro personaxe colectivo que protagoniza o groso dos relatos. Este é outro dos aspectos ben manexados por Fabio Rivas, porque a obra consegue esquivar calquera maniqueísmo en que sería doado incorrer cando temos polo medio un factor moralmente tan delicado como a (non)

---

2 Navaza, G. (1996): *Erros e Tánatos*. Vigo: Edicións Xerais. Tamén neste relato, ademais do xiro final, temos un neno asasino.

consciencia das consecuencias do que se fai, atribuída acotío á infancia e que pode resultar un eximente. Se ben é certo que nalgúns casos vemos que sofren un abuso que lles vén do mundo adulto e do medio en que viven (o que aproveita o autor para inserir certa crítica social), os meniños e meniñas asasinos que desfilan por estas historias non matan exactamente en defensa propia e, desde logo, en ningún caso senten o mínimo remorso polo feito de mataren. Non deveñen en vítimas candorosas abocadas ao asasinato como única salvación, senón que matan por vontade propia, cunha naturalidade que por veces xea o sangue e que combina moi ben coa inxenuidade que se presupón para a infancia: matan simplemente porque a situación lles ofrece esa opción tan viable coma outra calquera, coma unha reacción máis que está nas súas mans e que aproveitan ou mesmo escollen. Coido que, como xa fixera Blanco Amor n'A esmorga, o autor nin manifesta asomo de indulxencia ou compaixón cos personaxes (tampouco cos adultos, que non parecen nesta obra precisamente espello moral onde mirarse) nin é a súa intención guiarnos cara a ningún xuízo moral. Imbuídos das circunstancias en que eles se atopan, a calquera de nós, adultos, talvez nos pasaría pola cabeza, de presentarse a oportunidade para facelo, dar ese paso que, porén, reprimimos. Non así os nenos, que aínda semella que se atopan nese estadio en que os «impulsos instintivos» da sentenza freudiana que abre esta recensión pairan sen escrúpulo como o fai a morte, compañeira discreta e omnipresente nesta colección de cativos asasinos que nos debuxa o autor.

Celebremos, xa que logo, que ao pazo e ao hórreo, ao muíño e ao adro da igrexa, ao cruceiro, ao camposanto ou ao lavadoiro e, en fin, ao vello e caudaloso río literario galego do conto e mais da morte continúe chegando, para que nunca se agoste, sangue renovado. Ou derramado, abofé. Morran as xentes, se así se nos antolla na ficción, mais nunca o faga o conto.

ARANTXA LUNA DÍAZ
zuzanara2009@hotmail.com

*Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 8 abórdanse temas coma o uso do artigo e posesivo con nomes de parentesco, as identidades e ideoloxías dos neofalantes, o monolingüismo na Educación infantil e a figura literaria da bruxa como motivo de análise nas aulas.

Universidade Vigo

*Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega.* Vol. 8 - 2023

Universidade Vigo